

RECORDA!

- ERES AFORTUNAD@! VIVES NUNHA ZONA DE INTERESE EXCEPCIONAL. TEMOS UNHA FLORA (plantas) E UNHA FAUNA (animais), QUE SÓ PODES ATOPAR EN DOUS OU TRES SITIOS NO MUNDO, E INCLUSO ALGUNHA ESPECIE SÓ A PODES ATOPAR AQUÍ.

- LEMBRA NON COLLER NINGUNHA PLANTA, NON SABES CON CERTEZA, SE ESTÁS COLLENDO UNHA ESPECIE EN PERIGO DE EXTINCIÓN!

- EXISTEN PLANTAS INVASORAS COMO A CALÉNDULA (*Arctotheca caléndula*), SE VAS CUN ADULTO QUE A COÑEZA CLARAMENTE, NESTE CASO SI PODES ARRINCALA, COMO EXPLICAMOS NA GUÍA.

- É TRABALLO DUN NATURALISTA (coma ti) RECORDARLLE AOS ADULTOS QUE NON FUMIGUEN NADA, SEN ANTES ASEGURARSE CON ALGUÉN QUE ENTENDA.

- A PRAIA NA PRIMAVERA É UN DOS SITIOS NO QUE ANIÑA A PILDORA DAS DUNAS (*Charadrius alexandrimus*), O FAI NA AREA. MOITA XENTE LEVA ÁS SÚAS MASCOTAS PASEAR NA PRAIA, PERO NON SABE QUE OS SEUS CANS POÑEN EN PERIGO UNHA ESPECIE. O NOSO TRABALLO É FACER QUE O SAIBA TODO O MUNDO!



GUIA DA PRAIA DA MAGDALENA

PARA NEN@S FEITA POR NEN@S.

VILA DE CEDEIRA



ELABORADA POLO ALUMNADO DE 1º B COA TITORA DULCE CARRO.

Algúns dos seres vivos que aquí aparecen están en perigo de extinción, en período de incubación... Polo tanto, como bos observadores, adicarémonos a atopar os exemplares. Podemos ollalos e debuxalos, pero por favor! Non os tocaremos, os arrincaremos ou os espantaremos. Son seres vivos coma nós e queremos que continúen vivos.

Tamén nos comprometemos, nesta época de primavera – verán, a facer este traballo pero sen levar ningún cadel@ á praia, hai especies que están incubando. Os nosos cans non o farán por mal, pero farán que abandonen o niño. Iso significa que na próxima primavera, case seguramente, non seremos capaces de atopar algunha das especies que hoxe temos a ledicia de ollar. Sexamos uns bos naturalistas e coidemos da natureza!

EU _____
COMPROMÉTOME A COIDAR DA NATUREZA, COMO UN/UNHA
EXCELENTE NATURALISTA.

FIRMA:

BIBLIOGRAFÍA:

Fotos e información de varios blogs:

- Ao noroeste do noroeste (blog de Rafa)
<http://costaartabra.blogspot.com.es/>
- Flora y fauna <http://faunayflora.blogspot.com.es/>
- Confraría Cedeira <http://www.confrariacedeira.es>
- Bichos e demais familia
<http://bichosedemaisfamilia.blogspot.com.es/>
- Decreto 9/2014 de 23 de xaneiro) prohibe taxativamente os animais domésticos ceibos polas praias e areeiros.
- Recompilación da información do alumnado de 1º B, promoción 2015-16.

Podes seguir o noso traballo no blog:

<http://vagalumes.net/> Aprendendo con Dulce.

LABACIÑA VERMELLA DA AREA

(*Rumex
bucephalophorus*)

- Flores pequenas.
- Planta anual.



Rematamos o noso percorrido falando da...

PILDORIÑA DAS DUNAS

(*Charadrius alexandrinus*)

- **Necesita protección**, unhas poucas parellas aniñan nos areeiros galegos.
- Poñen os ovos na area.
- Temos que colaborar e non debemos permitir que nos meses de primavera - verán, as nosas mascotas paseen polas praias pois poñen nun gran perigo esta especie.



Escolle un día soleado e comeza o teu paseo polo Río Condomiñas, neste parque didáctico, posiblemente observarás...

LAVANDEIRAS

(*Motacilla alba*)



| ALGUNHAS OBSERVACIÓNS | DEBUXO |
|---|--------|
| <ul style="list-style-type: none">- Pequenas.- Cola longa e negra.- Cara branca rodeada de negro arriba e abaixo.- Torso gris cinza, ventre branco.- Ás negras con bandas brancas cando están pregadas. | |

GARZA REAL

(*Ardea cinerea*)



| ALGUNHAS OBSERVACIÓNS | DEBUXO |
|--|--------|
| <ul style="list-style-type: none">- Só está no outono-inverno.- Gran tamaño.-Pescozo longo, normalmente gris.- Peito de cores grises e estriados.- No período reprodutor, a cabeza ten unha liña negra.- Pico longo e afiado. | |

LLANTÉN MENOR

(*Plantago Lanceolata*)

- Herba medicinal usada na inflamación de enxivas, hemorraxias...
- Florece de marzo a novembro.



VALERIANA

(*Centranthus calcitrapae*)

- Floración na primavera.
- Flores pequenas e rosadas.



(c) I. López-Albacete

GERANIUM MOLLE

- Florece de xaneiro a setembro.
- Uso medicinal como astrinxente.



FLOR DE CALÉNDULA AMARELA

(*Pulicaria dysenterica*)

Observa a diferenza na cor que neste caso é amarela e no da invasora é marrón.

- Florece no verán ata o outono.
- Uso medicinal: antidiarreica.



MERLO

(*Turdus merula*)



| ALGUNHAS OBSERVACIÓNS | DEBUXO |
|--|--------|
| <ul style="list-style-type: none">- Tamaño mediano.- Cola longa.- Macho: negro mate con pico amarelo. Ten un anel alaranxado ao redor do ollo.- Femia: pardo negruzca por riba, marrón avermellado polo peito.- Voa axilmente, anda polos matorrais...- Aliméntase de vermes. | |

Continúa o teu paseo seguindo a corrente do río,
dirección á praia
da Magdalena.

GAIVOTA

CABECINEGRA

(*Larus
melanocephalus*)



Polo tanto, e só neste caso, é necesario. Arrincala e tirala nunha bolsa pechada, co fin de que non volva reproducirse.

Continuamos a nosa andaina polo paseo marítimo, xusto detrás do C.E.I.P. NICOLÁS DEL RÍO.

Neste percorrido queremos identificar plantas habituais no noso sistema dunar, imos a observalas e ver se son idénticas ás fotografías. Lembramos novamente que é a nosa responsabilidade non arrincalas e tratalas con delicadeza, é un ben de todos e o noso traballo como naturistas e persoas de ben é coidalas e protexelas.

| ALGUNHAS OBSERVACIÓNS | DEBUXO |
|---|--------|
| <ul style="list-style-type: none">- Aniña en Centroeuroopa, polo que na primavera marcha.- Tamaño pequeno.- Cabeza negra na época reprodutora, no inverno, branca con manchas negras.- Pico e patas vermellas. | |

BILLARDA TRIXAGO


- Florece de marzo a xuño.



FLORA – PLANTAS

LE PRESTANDO ATENCIÓN.

CALÉNDULA INVASORA
(*Arctotheca calendula*)



- É unha planta invasora, veu de Suráfrica e está medrando desmesuradamente, onde non debe. É necesario que entendamos que cada planta ou animal, debe conservarse no seu lugar de orixe, pois senón acaba invadindo ás especies autóctonas, rematando co noso, neste caso coas especies dunares. Cousa que nós debemos aprender a apreciar e coidar, pois moitas especies, aínda que vexamos abonda, só están aquí, onde nós vivimos. É responsabilidade de cada un de nós, a súa continuidade.

BILURICO BAILÓN

(*Actitis hypoleucos*)



| ALGUNHAS OBSERVACIÓNS | DEBUXO |
|--|--------|
| <ul style="list-style-type: none">- <i>Limícola</i> (que vive no limo) pequena.- Patas curtas.- Partes superiores pardas, inferiores brancas.- Ollos negros.- Alimentación: crustáceos e mariscos. | |

RESERVA MARIÑA DE CEDEIRA

No ano 2009 a Ría de Cedeira foi declarada Reserva Mariña, coa intención de conservar a diversidade biolóxica e a recuperación do ecosistema mariño, para a xestión da pesca e a súa sostibilidade. Á súa vez é un atractivo para o turismo.

En definitiva, a conservación dos recursos mariños depende de que cada un de nós, respectemos as normas e fagamos que os demais as cumpran tamén.

Xa estamos diante da praia, xunto á ponte nova. Baixamos ata a entrada da praia. Vamos observar algúns bivalvos. Permaneceremos atent@ ás cunchas; temos que aprender a identificalas e diferencialas. Recordamos unha vez máis, non levar, nin maltratar ningún ser vivo.

Os bivalvos posúen dúas cunchas unidas por unha especie de bisagra.

BERBERECHO



AMEIXA FINA



LONGUEIRÓN



MEXILLÓNS

